

# Erros comúns de programación en Fortran (I)

- Poñer caracteres especiais na sentenza *program*.  
Ex: *program programa.f90* (o *.* é un carácter especial)
- Usar nomes incorrectos para variábeis ou subprogramas. Ex: chamarlle *1x* a unha variábel no canto de *x1*
- Acceder a elementos dun vector ou matriz dinámico antes do *allocate* ou despois do *deallocate* (erro de execución)
- Poñer unha expresión ou unha chamada a función na beira esquerda dunha asignación. Ex: *count(x)=n, x+5=y* (erro de compilación)

# Erros comúns (II)

- Cambiar o valor do índice dentro dun bucle *do* (erro de compilación)
- Esquecer o *then* nun bloque *if* ou *if-else*
- Usar a función *sum(·)*, ou *minval(·)*, etc., cun único número. Deben a un vector ou matriz, ou a unha parte. Ex: *sum(x(i))*, debe ser *sum(x)* ou *sum(x(1:i))*
- Modificar un argumento de tipo *intent(in)* dentro dun subprograma
- Ler ou escribir nun arquivo logo de pechalo con *close(·)*